

GALICIA HOXE

28 DE ABRIL DE 2007

SECCION:

PÁGINA:

EXPOSICIÓN ITINERANTE

Unhas 13.600 persoas visitaron 'O mundo na túa cabeza' no seu percorrido por dezaioito localidades

A Consellaría de Innovación e Industria amosa a súa satisfacción porque esta iniciativa conseguiu acurtar as distancias entre a cidadanía e a investigación científica ·· A mostra péchase este domingo na localidade lucense de Palas de Rei

A exposición itinerante “O mundo na túa cabeza” remata este domingo en Palas de Rei o seu percorrido por dezaioito vilas e cidades galegas despois de ser visitada por arredor de 13.600 persoas. A iniciativa estivo organizada pola Consellaría de Innovación e Industria a través da súa Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Os responsables da exposición están moi satisfeitos co éxito acadado por “O mundo na túa cabeza”. Segundo a Consellaría de Innovación e Industria, a mostra tivo unha boa acollida nos diferentes lugares polos que pasou e, ademais, cumpriu o obxectivo de achegar o coñecemento e a investigación científica a lugares que normalmente quedan á marxe de eventos desta natureza e comprobouse o interese dos cidadáns pola ciencia.

A exposición está deseñada como unha experiencia interactiva para explicar o funcionamento do cerebro. O Museo de Historia Natural Luis Iglesias, da Universidade de Santiago de Compostela, coordinador da exposición, e expertos como Xurxo Mariño e Casto Rivadulla, da Universidade da Coruña, elaboraron os contidos e déronlles un formato atractivo e pedagóxico.

“O mundo na túa cabeza” está dividida en tres partes: “¿Estás seguro do que ves?”, “A máquina de crear realidades” e “¿Que sabemos e como no lo contaron?”. En cada unha destas mostras, os visitantes comprobaron por si mesmos como funciona o cerebro. Mediante experimentos, observacións microscópicas, experiencias persoais ou ilusións visuais, levaron a teoría á práctica e achegáronse un pouco máis á neurociencia.

Os recursos utilizados polos comisarios das exposicións foron variados. Na mostra “¿Estás seguro do que ves?”, por exemplo, demóstrase que o cerebro “constrúe” a realidade usando imaxes de ilusións ópticas nas que a percepción que temos das cores varía segundo o contorno. Experiencias destas características serviron para que o público entendera realmente como o sistema nervioso procesa as percepcións dos sentidos.

Outra das experiencias polas que pasaron os visitantes, neste caso en “A máquina de crear realidades”, foi a privación sensorial, é dicir, facer que unha persoa non escoite, non vexa e non poida sentir o tacto, para darse de conta da importancia que teñen os sentidos para o noso desenvolvemento.

O Museo Luís Iglesias tamén incluíu na exposición un espazo para amosar como se evolucionou no coñecemento do cerebro nos últimos cen anos. Na exposición “¿Que sabemos e como nolo contaron?” resaltouse, ademais, a importancia de científicos galegos pioneiros na investigación en materia de neurociencia e de microbioloxía, lembrando os nomes de Gallego Canell, Pedreira Labadía e Varela de la Iglesia.

Como complemento á exposición, os coordinadores de “O mundo na túa cabeza” organizaron cafés científicos, foros de achegamento entre os investigadores e a cidadanía que gozaron de moi boa acollida nas vilas onde se celebraron. Xurxo Mariño, Casto Rivadulla e o actor Vicente de Souza foron os encargados destes encontros, que se converteron en conversas didácticas e amenas sobre a percepción e o cerebro no marco informal dunha cafetería ou dun bar.

O conxunto destas actividades é unha iniciativa do Programa de Comunicación e Sensibilización Social do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación 2006-2010 IN.CI.TE., que cumpre así coa misión de divulgar a investigación científica que se está a facer en Galiza incitando a todos os galegos a reflexionar sobre a súa importancia para o desenvolvemento económico e social.